



# VOTA

# TERRA GALEGA

## Xermán Tobío, Xa o dín todos



# As nosas propostas:

## PARA O PLENO EMPREGO E A PROMOCIÓN EMPRESARIAL

- **Instituto de promoción económica** cuxa prioridade sexa converter Cedeira nun pobo de atracción de empresas, que poidan beneficiarse das vantaxes de edificabilidade, solo industrial a un prezo alcanzable e a posibilidade de agrupar e segregar parcelas, segundo as súas necesidades. Entre as súas funcións estará proporcionar axuda e asesoramento ás empresas e emprendedores, iniciativas de formación e intermediación laboral para desempregados e empregados, campañas de promoción do comercio e outros. Será unha entidade orientada á dinamización económica do municipio.
- Contribuír á loita contra a crise , **baixando impostos**, taxas dos servizos municipais, permisos, multas, etc.
- Facilitar a **formación continua de traballadores**
- **Gratuidade** de cadeiras e mesas para a hostalería para paliar as perdas provocadas pola Lei antitabaco



## OS NOSOS MAIORES EN ACTIVO

- **Residencia pública** para persoas anciás, servizo de transporte adaptado e posta en funcionamento do programa “**Vellez Activa**” que ofrecerá un amplo repertorio de actividades destinadas ó benestar da poboación maior.

## PARA OS MÁIS PEQUENOS E A XUVENTUDE: LUGARES DE OCIO E APRENDIZAXE

- **Ludoteca**, para que as nenas e nenos poidan dispoñer dun lugar de xogos e aprendizaxe permanente.
- Unha “**Casa da Xuventude**” destinada principalmente ós máis xoves que proporcione recursos e apoio a sectores particularmente sensibles, mediante programas de alto valor social: atención integral a adolescentes , reforzo educativo, axuda a familias desestruturadas, alfabetización de adultos, etc.

## ACCESO A INTERNET GRATUÍTO E UNIVERSAL

- Incluír Cedeira no **PARNET-TIC** , un programa da Unión Europea destinado á inclusión de tódolos cidadáns na denominada sociedade da información. Esta aposta permitirá á veciñanza do municipio tramitar solicitudes ou formular consultas ó concello mediante internet, e recibir nos seus teléfonos móbiles avisos e información sobre a actividade municipal.
- **WIMAX: conexión a internet de alta velocidade e gratuíta para todo o termo municipal**
- **TDT con boa cobertura e gratuíto para todos**

## FUNDACIÓN VILLABRILLE: PROMOCIÓN DA CULTURA, DA ARTE E DA MÚSICA DE CEDEIRA

- Potenciación da Fundación Municipal Villabrilte, renovación e **ampliación** do mobiliario da biblioteca, implantación do **Taller de Artes**.
- Impulso ó **Certame das Artes**, maior periodicidade de exposicións e eventos nas salas de exposicións do Palacete e Casa Consistorial.
- Organización do certame de **Música Vila de Cedeira**, a partir da Escola Municipal de Música.



## CENTRO DE DESENVOLVEMENTO INTEGRAL ACUÁTICO

Será un gran centro de actividades relacionadas coa auga, formado por dous espazos fundamentais:

- 1º. **Piscina de rehabilitación** (espazo con varios vasos comunicantes de diferentes alturas) e **zonas de relaxación SPA**.
  - Nestes vasos trátanse aspectos de rehabilitación, **tratamentos terapéuticos**, natación correctiva e incluso aspectos de integración entre participantes con diferentes circunstancias físicas, psíquicas...
  - Esas actividades e outras como o **Watsu**, a ximnasia doce, e outras técnicas novidosas irán dirixidas a tódolos públicos desde nen@s ata adult@s.
  - A “**zona SPA**” dispoñerá de colos de cisne, camas de burbullas relaxantes e outros.
  - Realización de diferentes **cursos na auga** (ioga, Pilates, deportes acuáticos, xogos dirixidos...), así como a realización de diferentes talleres de **masaxes**, cursos e eventos relacionados coas novas técnicas de **rehabilitación e relaxación**.
- 2º. **Departamento de masaxes**
  - Aquí ofreceranse tanto **masaxes deportivos** como **tratamentos de relaxación** (chocolaterapia, lodoterapia...) e **terapéuticos** (parafangos, tuina...).



## MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

- **Campo de fútbol:**
  - Construción de **máis vestiarios** para asumir as necesidades actuais do fútbol local (12 equipos federados masculino e feminino)
  - Colocación de “**torretas de iluminación**” para aumentar o número de horas de utilización da instalación.
  - Mellorar a **dotación** material existente (banquillos, vestiarios, gym...)
- **Polideportivo:**
  - Cambio do **pavimento** deportivo. Este aspecto é un elemento fundamental nunha instalación deportiva deste tipo e o actual non é o máis adecuado para o desenvolvemento das diferentes actividades físicas e deportivas que se realizan nel.
  - **Base náutica:** Mellora da base náutica como centro potenciador dos deportes náuticos: **vela, canoas, piraguas, kayaks...**
  - Dotar de elementos deportivos axeitados os espazos exteriores existentes:
  - Pista exterior de **fútbol sala e pádel** xa en construción, **que non cha vendan outros**
  - Pistas de **atletismo**, nova **piscina** e circuíto de **trial**
  - Colaboración activa cos diferentes clubs deportivos locais.



## AS ACTIVIDADES Ó AIRE LIBRE

### • Sendeirismo

- Fomento do sendeirismo, publicación de folletos informativos e na web municipal, organización dunha rede de **rutas sinalizada** debidamente, con indicacións homologadas e con posibilidades de publicación en edicións, tanto a nivel autonómico como nacional.
- Ademais daríase unha información específica e concreta das características de cada ruta: tempo de realización, dureza, información paisaxística, historia, natureza e curiosidades...
- **Recuperación** de antigos camiños.
- **Mantemento** activo de tódalas rutas.
- Entrega de información na Oficina de Turismo, posibilidade de facer os percorridos previamente de maneira interactiva. entregándoos antes de facer a ruta ou como complemento da actividade realizada.

### • Ampliación do paseo do río:

- Complementándoo cun circuíto sinalizado con diferentes elementos deportivos homologados, integrados no entorno natural.
- Creación dun **rocódromo** e un sistema de tirolinas.

• **Recuperación do albergue:** Conseguir que teña un funcionamento regular utilizándoo como base para a realización de campamentos urbanos e diferentes **cursos e eventos deportivos, culturais, sociais**, etc...

• **Cámping municipal** deseñado como un poboado celta con pallozas, un río rodeando as vivendas, etc.

• **Piscina natural** aproveitando a cetaria en Sonreiras. Creando un complexo entre o Castelo da Concepción e as cetarias, con restaurante e zonas de ocio e baño.

• **Áreas recreativas** nas zonas rurais.

### • Outras infraestruturas:

• Creación de **carril bici** por toda Cedeira

• **Pantalán** para piraguas no **Porto do Cabo**

• Circuíto de **motocross** e **mountainbike** na Capelada.

• Zona de patíns ou **monopatíns** no parque da depuradora

• Habilitar antes de chegar ó Puntal, unha zona recreativa cun **miradoiro** para contemplar aves, cun acceso ó río e un peirao.



## AS PRAIAS

• **Paseo de madeira** unindo tódalas entradas á praia, en Cedeira o paseo está demasiado lonxe da praia en gran parte do seu percorrido.

• Poñer **lavapés** nos accesos ás praias.



## CEDEIRA E O TURISMO

Creación dunha **verdadeira oficina de turismo** onde poñer en valor todo o que o noso pobo ofrece, de forma máis dinámica e **interactiva**.

## EXALTACIÓN TURÍSTICA DA RÍA

- Torneos de pesca deportiva
- Celebración de regatas de diversas categorías
- Rutas en barco (con posibilidade de ceas a bordo, e incluso de ceas-baile)
- Rehabilitación das cetarias



## O CONCELLO: XESTIÓN E EFICIENCIA

- **Gratuidade** de expedientes no Concello
- Apertura do Concello **unha tarde á semana**, tódolos servizos, non só o rexistro de documentación.
- Recipientes de **residuos selectivos en todo o rural**
- Revisión da ordenanza municipal da taxa do **lixo**
- Cobro de taxa de recollida da basura en función do prezo da bolsa do lixo, quen máis acumula, máis paga
- Xestión **eficiente** da electricidade do Concello
- **Aforro enerxético** no alumeadado municipal en toda Cedeira. Uso de tecnoloxía **LED** para a redución da contaminación lumínica.
- **Parque eólico singular** para o Concello
- Plan integral de explotación da **Capelada**
- Desenvolvemento de programas e servizos de **asesoramento e axuda para a rehabilitación de vivenda rural**
- **Parque mancomunado de bombeiros**. Ofrecemento de terreos no Polígono Industrial da Trabe para a súa instalación



# VOTA TEGA: nos sí podemos

# Presente e futuro de Terra Galega para Cedeira



Anterior Gobierno do PP: 2 millóns de € de inversión  
Actual Gobierno con TEGA: 22 millóns de € invertidos  
¿e aínda se atreven a criticar o meu salario?  
¿quen pensa que trouxo a maior empresa da Trave?  
**TERRA GALEGA**



- \* 65 representacións de **teatro**
- \* 22 de **música clásica**
- \* 18 espectáculos de **maxia**
- \* 31 concertos de músicas actuais
- \* 7 **Óperas**
- \* Orquesta Sinfónica de Galicia
- \* Percy Sledge
- \* 61 exposicións
- \* 4 campionatos galegos
- \* 8 Regatas de **vela**
- \* Bandeira da Deputación de **Traiñas**
- \* 2 **circuitos** biosaludables
- \* 35 disciplinas deportivas donde escoller
- \* Grupo de **Teatro Residente**
- \* **Banda Municipal de Música**
- \* Banda Municipal de **Gaitas**
- \* Agrupación Municipal de **Acordeóns**
- \* Apertura do auditorio ás Asociacións
- \* Polideportivo **Gratuito** para os Clubes
- \* Natación para **bebes**
- \* Deportes para **embarazadas**
- \* Clases de **Bailes de Salón**
- \* **15.000** novos libros e comics na biblioteca
- \* Creación de **videoteca**
- ..... e moitas máis que non caberían aquí

- \* Construcción dun campo de fútbol de herba artificial, co mellor cespede dispoñible a nivel **mundial**, tanto é así que á súa finalización, técnicos do **Real Madrid** viaxaron a Cedeira para comprobar o funcionamento do sistema e foi copiado para a Cidade deportiva deste equipo en Madrid.
- \* Creación da **Escola Municipal de Música**.
- \* Reparación e posta en funcionamento do escolar de piñeiro con 7 aulas de estudio, 5 cabinas insonorizadas, calefacción en todo o edificio, ...
- \* Dotación de equipo de **alta definición** tanto en Audio como en imaxe para o auditorio municipal, o que fai que non haxa que alquilar material para os concertos ou representacións.
- \* **Piano de Cola** no Auditorio Municipal
- \* **Restauración** do Palacete
- \* Aula informática **municipal** no Palacete
- \* Adaptación dos **parques infantís** á lexislación europea sobre seguridade e prevención.
- \* Reconstrucción da Piscina Municipal
- \* Adaptación de todo o Polideportivo Municipal para persoas con **minusvalías**
- \* **Climatización** de todo o Polideportivo
- \* Cambio do tellado do polideportivo
- \* 2 Pistas de **padel**
- \* 1 pista multiusos
- \* Deporte nas parroquias
- \* Actuacións culturais nas parroquias
- \* Promoción da **Artesanía** de Cedeira
- \* **Ampliación de horarios** do polideportivo
- \* **Pantalán** de embarque no muelle vello

*éste traballo é noso, que non che mintan*  
**VOTA TEGA: haiche ben diferencia!**